

**INFORME SOBRE AS ACCIÓNS FORMATIVAS
E DE ADESTRAMENTO DO PERSOAL DOS
SERVIZOS DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS
FORESTAIS DA XUNTA DE GALICIA.**



ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E ANTECEDENTES.....	3
1.1 INTRODUCCIÓN.....	3
1.2 ANTECEDENTES.....	3
1.3. AVALIACIÓN DO PROGRAMA DE FORMACIÓN 2021-2024.....	6
1.4 OBXECTIVOS.....	8
2. PROGRAMAS FORMATIVOS.....	8
3. PERSOAL OBXECTIVO.....	12
4. NECESIDADES FORMATIVAS.....	14
5. INSTALACIÓNS E CENTRO INTEGRAL DE LOITA CONTRA O LUME (CILL).....	18
6. BASES XERAIS.....	22
7. PROGRAMAS FORMATIVOS.....	23
7.1 CATÁLOGO DE CURSOS MONOGRÁFICOS.....	23
7.2. ITINERARIO FORMATIVO PROFESIONAL.....	24
7.3. PROGRAMA DE ADESTRAMENTO.....	26
7.4. PROGRAMA DIRIXIDO A MEDIOS DAS ENTIDADES LOCAIS.....	29
7.5. PROGRAMA DIRIXIDO Á POBOACIÓN.....	30
7.6. PROGRAMA DE DIVULGACIÓN.....	32
8. BOLSA DE PERSOAS INSTRUTORAS.....	33
9. PLANS ANUAIS.....	35
10. ORZAMENTO.....	37
10.1. XUSTIFICACIÓN.....	37
10.2. ORZAMENTO.....	39
ANEXO I. CATÁLOGO DE CURSOS PROPOSTOS PARA INCORPORAR NA PROGRAMACIÓN DOS PLANS ANUAIS DO PERÍODO 2025-2028.....	41
ANEXO II. ITINERARIO FORMATIVO PROFESIONAL.....	48
ANEXO III. PROPOSTA DE ACTIVIDADES DO PROGRAMA DE ADESTRAMENTO.....	54



1. INTRODUCCIÓN E ANTECEDENTES

1.1 INTRODUCCIÓN

Os operativos de extinción de incendios forestais afrontan episodios de incendios dunha complexidade crecente. A tendencia nos últimos anos é a dun menor número de incendios en cómputo anual pero tamén a dunha maior porcentaxe de incendios onde non basta cun ataque inicial. Incendios que poden ir máis alá das épocas tradicionais de alto risco e frecuentemente con comportamentos extremos.

A dita situación require dunha evolución dos dispositivos de extinción que, a través de diferentes actuacións formativas e de adestramento, permita ao persoal actualizar os coñecementos, mellorar a súa aptitude profesional e integrar diferentes procedementos operativos e manobras máis adaptados aos incendios actuais.

A Dirección Xeral de Defensa do Monte (en adiante DXDM) exerce as competencias inherentes ás medidas de prevención e defensa contra os incendios forestais, e segundo establece o artigo 14 do Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, modificado polo Decreto 148/2024, do 20 de maio, correspóndelle á Subdirección Xeral de Extinción, da Dirección Xeral de Defensa do Monte, a colaboración na formación do persoal.

1.2 ANTECEDENTES

Na época máis recente, o Plan de formación do persoal da DXDM comezou a súa andadura no Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia (Pladiga) do ano 2019 cunha programación de cursos para 2 anos encadrada no Programa de formación 2019-2020. Dentro deste programa impartíronse 257 edicións de 20 cursos no ano 2019, chegando a un total de 7.006 alumnos. No ano 2020 foron 19 cursos en 41 edicións, con 1.104 alumnos, desenvolvéndose practicamente a totalidade na modalidade de teleformación por causa da pandemia ocasionada pola COVID-19.



Tras estes primeiros cursos, detectáronse carencias formativas, polo que diferentes técnicos e persoal especialista do Servizo de Prevención de Incendios Forestais (en adiante SPIF) fixeron achegas dirixidas a poder mellorar a oferta formativa. Estas achegas suxerían un desenvolvemento de cursos e adestramentos de carácter máis práctico e tamén da formación-adestramento a través de simulacros, práctica de manobras máis frecuentes, análise dos incendios de maior gravidade a nivel provincial e de outros menos graves pero con interese didáctico a nivel de distrito, análise de situacións de risco, etc.

Con este precedente, xa dentro do Programa de formación 2021-2024, no ano 2021 o investimento en formación do persoal do dispositivo de prevención e defensa contra incendios foi de 393.714,40 €. Este ano, xa noutra fase da pandemia, a intensidade formativa foi moito maior, aínda así predominaron os cursos en modalidade a distancia, executándose 23 accións formativas en 466 edicións, con 4.687 alumnos/as formados e un total de 48.454 horas de formación recibida.

No ano 2022 incrementouse aínda máis o labor formativo, recuperándose a modalidade presencial con carácter xeral e con 32 accións formativas en 671 edicións dirixidas a 8.992 alumnos/as, con un total de 111.591 horas de formación.

Na anualidade 2023 todos os cursos se desenvolven en modalidade presencial ou mixta agás dous deles, que foron en liña, por este motivo o esforzo formativo foi aínda maior que no ano anterior cunha carga presencial lixeiramente menor. No 2023 programáronse 32 accións formativas repartidas en 467 edicións dirixidas a 10.686 alumnos/as, con un total de 103.269 horas de formación.

Este ano 2024 seguiu o camiño do ano 2023 e impartíronse 34 cursos en 473 edicións dirixidas a 11.447 participantes, con 108.746 horas de formación.




Implantación do programa	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Número cursos	20	19	22	32	32	34
Edicións	257	41	465	671	467	473
Participantes	7.006	1.104	4.679	8.992	10.686	11.447
Horas lectivas	78.420	18.362	48.422	111.591	103.269	108.746
Orzamento	109.519 €	50.286 €	393.714 €	532.745 €	715.526 €	795.266 €

Cadro 1.2.1. Comparativa interanual da formación impartida

As temáticas dos cursos do programa 2021-2024 teñen unha continuidade ao longo dos anos, con novas incorporacións nos contidos, actualizándose cos mellores coñecementos dispoñibles e afondando na especialización e na formación práctica.

A influencia do Covid-19 na cantidade de formación impartida afectou aos anos 2020 e 2021. É a partir do 2022 cando se estabilizou o número de cursos e edicións, cun pequeno desaxuste no ano 2022, no que se impartiron 226 edicións da aplicación para dispositivos móbiles XeoCode Lite, para unha ou dúas persoas por edición.



Gráfica 1.2.1. Evolución do número de edicións impartidas e participantes no período 2019-2024



1.3. AVALIACIÓN DO PROGRAMA DE FORMACIÓN 2021-2024

O programa 2021-2024 supuxo a consolidación do Plan de formación e adestramento, que se establece no epígrafe 10 da memoria do Pladiga, cunha oferta formativa cuns números sen precedentes e, en xeral, con boa acollida entre o persoal destinatario.

A DXDM incorporou dentro do programa as melloras achegadas hai 4 anos polo persoal do dispositivo, o que derivou nunha formación de carácter máis práctico, con persoas instrutoras empregadas públicas, especializada, diferenciada por categorías profesionais e na redacción da Circular 2/2002 sobre a obrigatoriedade na execución dun plan de simulacros.

A teleformación reduciuse moito para favorecer á modalidade presencial, porén mantívose nalgúns casos, especialmente en cursos mixtos, nos que demostrou ser unha boa ferramenta para facilitar documentación, contidos máis teóricos ou outros tipos de información que requiren de soporte dixital.

Con todo, neste último período tamén se detectaron aspectos que son susceptibles de mellora.

Malia aos esforzos do persoal instrutor propio, que se conta en máis de 30 persoas, percibiuse a necesidade de ampliar o número deste persoal debido ás grandes dimensións do plan e do dispositivo. Algúns atrancos foron as dificultades para a simultaneidade de edicións nalgunhas actividades, períodos de formación máis longos ao non solaparse as edicións ou maiores desprazamentos das persoas destinatarias.

Para minimizar este impacto, case a totalidade das accións obrigatorias foron xornadas cunha duración igual ou inferior a 8 horas, o que impediu, en moitas ocasións, afondar en materias que requiren dunha maior carga lectiva.

Case a totalidade da carga de traballo relacionada coas inscricións nos cursos obrigatorios recae nos centros de coordinación dos distritos. Estes centros inscriben manualmente ao seu persoal tendo en consideración as quendas de traballo, as prazas dispoñibles, a concorrencia de outros cursos e outros requisitos.



O plan de formación 2021-2024 foi moi ambicioso e desenvolveu unha grande cantidade de actividades, de cara ao próximo período a previsión é de manter o mesmo esforzo ou incluso ampliálo. Nestas condicións o persoal destinado á xestión das actividades formativas non é suficiente, xa que non existe persoal administrativo adscrito a formación e tan só hai un posto, a xefatura da Unidade Técnica de Estudos e Formación, en toda a DXDM que ten entre as súas atribucións as de deseñar, organizar, planificar e coordinar a formación coas persoas instrutoras e participantes, realizar as convocatorias, a selección de persoal, dar altas e baixas de participantes, xestionar os certificados de formación recibida e impartida, etc. Esa falta de persoal repercute tamén na capacidade para poder programar a medio prazo.

A aplicación propia da DXDM dedicada a formación consiste nun repositorio de material (circulares, presentacións, vídeos,...) que se imparten nas actividades formativas e que se poñen a disposición de todas as persoas do dispositivo para a súa visualización e descarga no enderezo <https://firesw.xunta.local/Formacion>. A aplicación principal que se emprega actualmente é unha plataforma informática allea á consellería, o que dificulta a xestión das inscricións, emisión de certificados e control dos cursos recibidos por cada persoa.

Outro aspecto detectado é que, debido a que as accións de carácter obrigatorio debe limitarse ás horas da xornada ordinaria de traballo, incluído o desprazamento, obriga a que as viaxes sexan curtas ou as xornadas de formación sexan reducidas.

A formación impartida nestes últimos anos foi moita e de boa calidade, porén non hai unha base documental máis alá dos contidos empregados nos cursos. Cómpre unificar eses documento e realizar publicacións que poidan servir de guías ou manuais para empregar nas diferentes formacións. Do mesmo xeito non existen procedementos operativos escritos en moitos ámbitos.



1.4 OBXECTIVOS

A ampla experiencia acumulada neste últimos anos pon de manifesto a importancia do camiño percorrido e a necesidade da formación continua como ferramenta para dotar o persoal dos coñecementos necesarios para adaptarse ás novas realidades de incendios forestais e ás novas tecnoloxías.

O obxectivo xeral do Plan de formación e adestramento da DXDM é mellorar a profesionalización e seguridade do persoal para conformar un dispositivo máis eficiente e capacitado para afrontar as novas tipoloxías de incendios forestais que afectan a Galicia, de xeito que se minimicen os danos materiais e persoais provocados polo lume.

Os obxectivos específicos son definir e planificar a preparación que cómpre impartir no próximo período 2025-2028 ao persoal dos Servizos de Prevención de Incendios Forestais da Xunta de Galicia, poñer os alicerces do itinerario formativo profesional e do programa de adestramento para unha formación continua e establecer o programa de formación á poboación do rural.

2. PROGRAMAS FORMATIVOS

O Plan de formación e adestramento estruturase en seis programas:

1. **Catálogo de cursos monográficos:** un programa de formación para o período 2025-2028 co obxectivo de mellorar a cualificación profesional do persoal, ofertando anualmente un catálogo de cursos monográficos, de diferentes temáticas relacionadas coa prevención e extinción de incendios forestais, conducentes á obtención dun diploma acreditativo desta formación. Este plan ten unha duración de 4 anos, con inicio no 2025 e fin no 2028.



Imaxe 2.1. Curso de seguridade no manexo dos vehículos todoterreo

2. **Itinerario formativo profesional:** preparación diversificada e por grupos de categorías profesionais, que vai desde unha cualificación inicial ata a especialización do persoal que traballa no dispositivo de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia. Este itinerario se organiza en 3 niveis e comprende, desde a preparación inicial ata a formación máis específica e especializada de todo o persoal.



Imaxe 2.2. Formación específica para brigadas helitransportadas

3. **Adestramento do persoal do SPIF:** dirixido a mellorar a organización e a eficiencia no traballo. Contará cunha estrutura a tres niveis: autonómico, provincial e de distrito. Este programa pretende desenvolverse de xeito permanente, sen data de finalización, pero manténdose actualizado cos avances na tecnoloxía, o estudo do comportamento do lume, a creación de novos procedementos ou a dotación con novos equipamentos, entre outros.

Imaxe 2.3. Manobras con lume real aplicando e adestrando o modelo organizativo do SEMOP



- 4. Formación a medios das entidades locais:** preparación básica para o persoal adscrito ás entidades locais que participa nas tarefas de extinción de incendios forestais, como complemento aos cursos que poidan recibir desde o propio concello. Neste caso a prevención de riscos laborais, a seguridade e os procedementos operativos serán os temas de maior relevancia. A formación será eminentemente práctica e desenvolveranse fundamentalmente accións de adestramento en traballos reais que deban saber executar.

Imaxe 2.4. Formación para brigadas e condutores/as municipais

- 5. Formación á poboación.** Estará destinada á poboación do rural con obxectivo de informala das medidas preventivas, concienciala das obrigas establecidas na normativa e aconsellala sobre o comportamento a ter ante os incendios forestais que poidan ter lugar nos seus lugares de residencia habitual.

Imaxe 2.5. Formación a poboación do rural en Budiño (O Porriño)



6. **Divulgación:** actividades de sensibilización pública, dirixidas principalmente a escolares e alumnado de formación profesional, entre as que se inclúen charlas, exposicións, visitas, demostracións etc.

Imaxe 2.6. Visita de escolares á base helitransportada de Marroxo (Monforte de Lemos)

3. PERSOAL OBXECTIVO

Os tres primeiros programas afectan ás persoas empregadas públicas da Xunta de Galicia, a un dispositivo que está constituído por persoal funcionario e por persoal laboral fixo discontinuo (con actividade 8 meses do ano en 2025 e 9 meses ao ano a partir de 2026). Tamén hai un pequeno grupo de persoas empregadas públicas que son persoal laboral fixo contratado todo o ano.

O antedito persoal está dividido en 18 categorías profesionais diferentes coas súas peculiaridades funcionais e de misións establecidas no Pladiga distribuído por todo o territorio galego, ben sexa formando parte dunha brigada ou en postos individuais, pero sempre baixo a tutela dun Centro de Coordinación.



Este elevado número de categorías confírelle certa complexidade ao Plan de formación e adestramento da Dirección Xeral de Defensa do Monte.

- Persoal técnico
- Axentes forestais e medioambientais
- Técnico/a brigada helitransportada
- Bombeiro/a forestal xefe/a brigada helitransportada
- Bombeiro/a forestal condutor/a brigada helitransportada
- Bombeiro/a forestal brigada helitransportada
- Operador/a – codificador/a
- Emisorista – vixilante
- Emisoristas
- Vixilantes fixos/as
- Condutor/a mecánico/a
- Oficial/a 1º Mecánico/a
- Oficial/a 2º Mecánico/a
- Bombeiro/a forestal condutor/a de motobomba
- Bombeiro/a forestal xefe/a de brigada
- Bombeiro/a forestal condutor/a
- Bombeiro/a forestal
- Bombeiro/a forestal oficial/a



A formación a medios das entidades locais recae principalmente sobre o persoal das brigadas e os condutores de motobomba que son contratados polas entidades locais acollidas ao convenio para a prevención e defensa contra incendios forestais, o número de concellos varía cada ano segundo subscriban ou non o convenio.

O programa de formación á poboación está dirixido ás persoas que viven no rural, en zonas de influencia forestal, e que poden verse afectadas polos efectos dos incendios forestais. No deseño desta actividade teranse en conta as Parroquias de Alta Actividade Incendiaria (PAAI) de cada ano, así como as cabeceiras de comarca con problemática de lumes recorrentes e zonas con alta vulnerabilidade da poboación.

Por último, a divulgación ten como público obxectivo preferente os nenos e nenas en idade escolar e o alumnado dos centros de formación profesional ou universitaria de titulacións con competencias en prevención e extinción de incendios forestais.

4. NECESIDADES FORMATIVAS

Segundo a recomendación 108 do Ditame da Comisión Parlamentaria que analizou a crise incendiaria de outubro de 2017 (aprobación do ditame da Comisión do Parlamento de Galicia: 20218 10/SCNP-000008, do 31 de xullo de 2018, publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia da X lexislatura número 346, do 10 de agosto de 2018), o adecuado funcionamento dos medios de extinción de incendios forestais esixe unha cualificación profesional e formación máxima dos seus membros. Por iso, a comisión recomenda que se faga especial fincapé nesa formación, desenvolvendo en colaboración cos representantes dos traballadores un programa planificado e ordenado de formación en materia de prevención e extinción de incendios forestais e que deberá ter como obxectivos principais:

- Dar unha formación acorde coa categoría profesional dos destinatarios, tendo en conta a consideración do persoal do SPIF como bombeiros/as forestais.



- A adecuación da formación ás novas tipoloxías de incendios, con especial atención aos incendios na interface urbano-forestal e as consecuencias destes para a poboación.
- Un sistema de formación continua no que se busque adquirir e actualizar os coñecementos teóricos e prácticos necesarios para o desenvolvemento das funcións concretas de cada categoría.
- A realización da formación de xeito que non afecte aos labores dos destinatarios, buscando a súa realización nos períodos en que o risco de incendios sexa menor.

En liñas xerais haberá que desenvolver unha formación que se adapte ás singularidades e circunstancias actuais e futuras do Servizo para o que se debe ter en conta a temporalidade das incorporacións, os diferentes corpos e escalas e as categorías laborais.

Cómpre ampliar a base de persoas instrutoras, incidir na preparación práctica en procedementos e manobras e aproveitar as vantaxes da formación en liña para as actividades que mellor se adapten.

Esta mellora da cualificación profesional e especialización do persoal preténdese desenvolver a través dos tres primeiros programas formativos mencionados no epígrafe 2: o catálogo de cursos, os itinerarios formativos profesionais e o programa de adestramento.

Para acadar os obxectivos é necesaria unha estrutura estable, con categoría de servizo, que conte polo menos con dous postos de persoal técnico, dous postos administrativos e contar co apoio dunha plataforma ou aplicación informática.



A relación non exhaustiva de tarefas que debería asumir este persoal abrangue: a planificación e deseño das actividades, contidos, coordinación e seguimento, resolución de incidencias, xestión dos recursos, publicacións, xestión das persoas participantes e instrutoras, emisión de certificados, mantemento dunha base de datos de formación, redacción de informes e estatísticas, análise de resultados ou a contratación e tramitación dos expedientes.

Da análise da situación actual detéctanse necesidades formativas específicas e transversais nas seguintes áreas:

- Adquisición e/ou actualización dos coñecementos teóricos e prácticos necesarios para o desenvolvemento das funcións concretas de cada categoría.
 - Novos/as directores/as técnicos/as de extinción (DTE).
 - Seguridade, conducción e manexo do tractor forestal e batracio.
 - Capacidades, operatividade e manexo das autobombas do SPIF e bombas dos vehículos lixeiros.
 - Mantemento e mecánica básica dos vehículos de prevención e extinción de incendios forestais
 - Procedementos operativos nos centros de coordinación.
 - Manexo das aplicacións de xestión de incendios forestais.
 - Seguridade e procedementos operativos das brigadas helitransportadas de prevención e extinción de incendios forestais
 - Seguridade e procedementos operativos das brigadas terrestres de prevención e extinción de incendios forestais
- Prevención de riscos laborais (PRL) para o persoal de novo ingreso, así como cursos de reciclaxe para os que recibiron a formación inicial.



- Primeiros auxilios.
- Seguridade na extinción de incendios forestais.
- Formación de formadores.
- Mellora técnica e emprego de novas tecnoloxías.
- Manexo do Sistema Estructural de Mando Operativo (SEMOP) e ferramentas asociadas (XeoCode Lite).
- Queimas prescritas e xestión do lume.
- Condución 4x4.
- Comunicaci3ns.
- Xestión do estrés e psicoloxía da emerxencia.
- Xestión e organizaci3n das operaci3ns e comunicaci3ns cos medios a3reos.
- Incendios de interface urbano forestal.
- Manexo da auga e escumas.
- Procedemento xudicial na investigaci3n de incendios forestais.
- Investigaci3n de causas de incendios forestais
- Rol do mando e traballo en equipo.
- Linguaxe verbal e non verbal.
- Xestión de Grandes Incendios Forestais (GIF).
- Emprego de maquinaria pesada na extinción de incendios forestais.



- Análise táctica e estratéxica en incendios forestais.
- Meteoroloxía aplicada aos incendios forestais.
- Manexo e mantemento de ferramentas manuais e maquinaria portátil.

5. INSTALACIÓNS E CENTRO INTEGRAL DE LOITA CONTRA O LUME (CILL)

Na actualidade son tres as entidades acreditadoras das actividades do Plan de formación e adestramento a Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), a Escola Galega de Administración Pública (EGAP) e o Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Xunta de Galicia, pero é a primeira delas (AGASP) coa que se imparte case a totalidade da formación.

As instalacións onde se imparte a formación son diversas, os adestramentos e simulacros adoitan ser no monte ou parcelas a ceo aberto dentro do ámbito do distrito ou provincia. En ocasións recorreuse a instalacións municipais para os módulos máis teóricos dos adestramentos, tamén se empregaron instalacións da EGAP para algunha charla. Pero a maior parte da formación teórico-práctica realizase nas instalacións da AGASP e, desde 2023, no Centro Integral de Loita Contra o Lume (CILL) de Toén, en Ourense.

Imaxe 5.1. Edificio rehabilitado da antiga lavandería no CILL de Toén



O CILL aproveitou as instalacións do antigo centro psiquiátrico de Toén para converterse nun centro referente na formación e adestramento en materia de incendios forestais. Conta con unha superficie de 33 ha e ata o momento está rehabilitado un dos edificios, onde se localizan as aulas e despachos.

O centro conta no seu interior con pantallas interactivas, videowall, ordenadores all in one para alumnado, equipos avanzados de altas prestacións, equipamento de comunicacións e sistemas de alimentación ininterrompida. Este despregue tecnolóxico permite contar cunha aula de informática específica, para a aprendizaxe e práctica do software empregado na prevención e extinción de incendios forestais, así como dispor de aulas de formación de uso xeral, despachos de persoal e áreas técnicas de coordinación.

Imaxe 5.2. Curso impartido no CILL por persoal do SPIF á Unidade Militar de Emerxencias (UME)

Os exteriores foron acondicionados, o recinto pechouse perimetralmente e construíronse dous circuítos de adestramento, un para bombeiros/as forestais e outro para realizar prácticas de conducción todoterreo que son referentes a nivel nacional. Os edificios que están sen rehabilitar e a finca representan un escenario inmejorable para a execución de manobras e prácticas de todo tipo, e en especial de incendios de interface urbano-forestal e conducción de vehículos todoterreo.



Imaxe 5.3. Circuitos de bombeiros/as forestais e de condución 4x4 no CILL de Toén

Desde a posta en marcha destas instalacións impartíronse varias actividades, entre elas:

- Cursos de condución todoterreo para vehículos 4x4 e motobombas, para persoal propio e de Protección Civil.
- Curso de incendios forestais a persoal da Unidade Militar de Emerxencias (UME).
- Cursos de especialización para persoal de brigadas de prevención e defensa contra incendios forestais.
- Cursos de operacións e defensa contra incendios na interface urbano-forestal para persoal técnico e axentes forestais e medioambientais.
- Seminario de comunicación de incendios forestais.
- Formación a axentes forestais e medioambientais para o trampeo da *Vespa velutina*.



Ademais da formación impartida desde a apertura do centro, polo que pasaron máis de 1.500 persoas, o CILL serviu de base de operacións e centro de formación para dous grupos de 20 bombeiros de Estonia, que participaron na extinción de incendios en Galicia no mes de agosto de 2024, no marco dun programa de colaboración co Miteco e a Comisión Europea.

Imaxe 5.4. Manobras de defensa da interface urbano – forestal no CILL de Toén

As instalacións do CILL son de grande importancia para a programación formativa dos próximos anos, porén realizar alí toda a formación comprende unha serie de atrancos. Os dous máis evidentes son as distancias que hai que percorrer desde algúns puntos da xeografía galega e que, na actualidade, o centro non conta con persoal adscrito que poida desenvolver tarefas de vixilancia, apoio, apertura e peche ou mantemento básico



6. BASES XERAIS

A modalidade en liña facilita a realización de determinados cursos ou partes de cursos, cuxos contidos non precisan da presenza física do alumnado. Esta ferramenta é moi útil para poñer documentación a disposición do alumnado ou facer sesións de telepresenza con profesionais recoñecidos doutras comunidades autónomas. Tendo en conta a estrutura e medios dispoñibles por parte do SPIF, búscase o equilibrio necesario dentro de cada programación anual que permita afrontar con garantías as diferentes accións formativas en función do modalidade que se escolla.

Cómpre salientar que algúns dos cursos teñen o carácter de obrigatorio para as persoas destinatarias. Isto implica que se deben impartir en horario de traballo, incluídos os desprazamentos e que deben ter lugar en épocas nas que o persoal estea incorporado aos seus postos de traballo, o que ten relevancia no caso do persoal fixo discontinuo.

Atendendo a finalidade de cada curso, ás diferentes categorías e á posibilidade de impartir por vías telemáticas, as modalidades dos diferentes cursos foron todas as posibles:

- Teleformación
- Telepresenza
- Presencial
- Mixto

Na medida do posible procurárase que as persoas instrutoras pertencen ao Servizo de Prevención de Incendios Forestais para aproveitar os coñecementos cos que contan, detectando a aquelas que posúan unha determinada especialización e posibilitando que poidan transmitila ao resto do dispositivo.

As persoas instrutoras terán a cualificación técnica, formativa e os coñecementos necesarios xunto cunha contrastada traxectoria profesional para impartir a materia.



Terán a obriga de realizar o curso formación de formadores e certificaráselles as horas formativas impartidas.

De todos os cursos e actividades de adestramento deberá levarse un control de asistencia que se terá en conta xunto cun exame ou proba final para acreditar o aproveitamento do alumnado. Ademais facilitarase ás persoas participantes unha enquisa para que poidan achegar propostas de mellora e avaliar deste xeito a calidade das actividades e das persoas instrutoras.

7. PROGRAMAS FORMATIVOS

7.1 CATÁLOGO DE CURSOS MONOGRÁFICOS

Logo de seis anos de aplicación deste programa e atendendo ás achegas de diferentes profesionais do SPIF, en edicións futuras cómpre corrixir algunhas deficiencias detectadas, polo que é necesario poder concentrar as actividades en períodos de tempo máis curtos, ampliando a base de persoas instrutoras e dando espazo de novo a actividades en liña para aqueles contidos que se adaptan a esta modalidade.

Tendo en conta as dimensións do dispositivo e a programación temporal do catálogo, establécese a duración do programa en 4 anos, para o período 2025-2028. Este tempo estímase como necesario para dar rotación ás persoas solicitantes e poder chegar a todo o persoal.

Cada un dos anos impartirase o número de cursos e edicións que se contemplan na programación anual co obxectivo de conseguir cubrir a demanda no período de 4 anos, para os cursos voluntarios e de chegar á totalidade do persoal que forma o dispositivo no caso dos cursos obrigatorios.

Establécese como obxectivo realizar un mínimo de 15 cursos do catálogo. A programación anual incluírá a temática dos cursos, as persoas destinatarias, os obxectivos a acadar, a modalidade, a obrigatoriedade ou non de realizalo, unha



estimación do número de edicións a impartir no ano, unha estimación das datas previstas, a duración e número de participantes de cada unha das edicións.

No anexo I móstranse os cursos que poden formar parte deste programa e ser incorporados nos plans anuais unha vez analizada a súa necesidade. Ademais dos propostos neste anexo, o programa permite introducir nos plans anuais novos cursos que resulten de interese ao colectivo, ben porque se detecte unha carencia de formación no persoal, ben pola aparición de novas tecnoloxías, protocolos de actuación, normativa, etc., así como modificar os existentes segundo as avaliacións que se efectúen ao final de cada anualidade.

Á hora de establecer a programación anual, exclúese con carácter xeral, a realización destes cursos entre o 1 de xullo e o 15 de outubro de cada ano.

Para a participación nos cursos de realización voluntaria é requisito estar en activo no momento da inscrición. Para poder participar nos cursos obrigatorios é necesario estar en activo no momento da súa realización. En ambos os casos, as persoas participantes deben cumprir os requisitos xerais e específicos de cada curso.

7.2. ITINERARIO FORMATIVO PROFESIONAL

O itinerario formativo profesional está estruturado e diferenciado segundo as categorías ou grupos de categorías do persoal da Dirección Xeral de Defensa do Monte.

O itinerario ten vocación de permanencia e a súa execución será avaliada despois de 4 anos xunto co programa de formación 2025-2028. Nesta avaliación determinarase a necesidade de modificar os contidos, a programación a duración ou as propias actividades formativas.

Está organizado en 3 graos e conta co requisito de ter superado o nivel anterior para poder acceder ao grao seguinte. O primeiro grao constitúe un bloque de obrigada execución para todo o persoal ao longo do período de aplicación deste plan.



- Grao inicial: Son cursos de coñecementos básicos de carácter xeral dos que deben dispoñer todas as persoas que traballan no dispositivo de prevención e extinción de incendios forestais.
- Grao cualificado: Abordaranse contidos xerais de acordo coas funcións de cada categoría pero afondando máis na especialización de cada área de traballo.
- Grao especialista: Cursos de especialización cunha maior complexidade dos contidos.

A programación anual incluírá a relación de cursos ofertados do itinerario xunto co número de prazas, edicións, persoas destinatarias, contidos e unha estimación das datas previstas de execución. Neste período 2025-2028 executarase o grao inicial, no que se debe chegar a todo o persoal durante os 4 anos de vixencia do plan. Os graos avanzado e cualificado ofertaranse a partir dos anos 2026, 2027 e 2028.

Á hora de fixar a programación anual, exclúese con carácter xeral, a realización destes cursos entre o 1 de xullo e o 15 de outubro de cada ano.

Para a participación nos cursos do itinerario é requisito estar en activo durante toda a duración do curso.

No seguinte cadro establécense os itinerarios formativos profesionais.



Categorías destinatarias	cod.	Grao inicial	Grao cualificado	Grao especialista
Bombeiro/a forestal xefe/a de brigada Bombeiro/a forestal condutor/a Bombeiro/a forestal Bombeiro/a forestal oficial/a Técnico/a brigada helitransportada Bombeiro/a forestal xefe/a brigada helitransportada Bombeiro/a forestal condutor/a brigada helitransportada Bombeiro/a forestal brigada helitransportada	BT BH	Curso básico para persoal de brigadas de bombeiros/as forestais CBT Curso básico para persoal de brigadas helitransportadas CBH	Curso avanzado para persoal de brigadas de bombeiros/as forestais CAB	Curso de especialista para persoal de brigadas CEB
Condutor/a mecánico/a Oficial/a 1º Mecánico/a Oficial/a 2º Mecánico/a Bombeiro/a forestal condutor/a de motobomba	MB	Curso básico para bombeiros/as forestais condutores/as de motobomba CBM	Curso avanzado para bombeiros/as forestais condutores/as de motobomba CAM	Curso de especialista para bombeiros/as forestais condutores/as de motobomba CEM
Operador/a – codificador/a Emisorista Emisorista – vixilante Vixilantes fixos/as	EM	Curso básico para emisoristas e vixilantes CBE	Curso avanzado para emisoristas e vixilantes CAE	Curso de especialista para emisoristas e vixilantes CEE
Persoal técnico Axentes forestais e medioambientais	DE	Curso básico para directores técnicos de extinción CBD	Curso avanzado para directores técnicos de extinción CAD	Curso de especialista para directores técnicos de extinción CED

Cadro 7.2.1. Itinerario formativo profesional

No anexo II móstranse os obxectivos xerais de cada un dos cursos co número de horas lectivas.

7.3. PROGRAMA DE ADESTRAMENTO

Nos últimos anos, coa posta en marcha do Plan de formación avanzouse na práctica e no adestramento en pequenos grupos para a mellora do funcionamento do servizo. Entre outras actividades, a Circular 2/2022 do director xeral de Defensa do Monte establece a obrigatoriedade de realizar un simulacro de situación operativa 2 de ámbito provincial, un simulacro de situación operativa 1 en cada distrito e un mínimo de 2 simulacros de comunicacións e 6 prácticas da manobra de autoprotección por distrito, complementándose co manexo de lanzas, bombas e escumas.

Outra formación-adestramento que cómpre destacar é a de comunicacións, que se desenvolveu nos distritos forestais nos anos 2023 e 2024, de carácter obrigatorio para aquelas persoas que manexan equipos de comunicacións e nas que se inclúe un simulacro con sectorización de incendios forestais.



Imaxe 7.3.1. Adestramento no manexo das emisoras TETRA

Unha necesidade histórica do servizo é a existencia dun programa de adestramento físico que promova un exercicio moderado dirixido ao persoal de campo. Neste sentido, os programas anuais de adestramentos incluírán un programa específico que consista en realizar exercicios con mangueriras, mochilas, batelumes, ferramentas manuais ou outro tipo de instrumentos e ferramentas que simulen tarefas relacionadas coa extinción ou prevención de incendios. Este adestramento terá como obxectivo conseguir que, a través dunha práctica regular e frecuente, o persoal estea habituado a determinadas tarefas propias do seu traballo mentres se mantén activo cunha actividade física lixeira e directamente relacionada coas súas funcións.

Imaxe 7.3.2. Adestramento físico con ferramentas de extinción na base de O Campiño (Pontevedra)



O programa de adestramento formularase anualmente en tres niveis de actuación: autonómico, provincial e distrito, con actividades de ámbito autonómico dirixidas a un amplo número de efectivos do servizo, de ámbito provincial dirixida ao persoal de varios distritos da mesma provincia e a nivel de distrito, onde a preparación e adestramento debe formar parte do traballo diario, intercalándose semanalmente con outras tarefas que deban realizarse e aproveitando especialmente as épocas nas que diminúe o risco de incendio.

Imaxe 7.3.3. Simulacro de toma de decisións en posto de mando avanzado (PMA)

En cada distrito ou provincia deben designarse persoas encargadas do seguimento da formación-adestramento do persoal, que ocuparán unha parte da súa xornada laboral en organizar o adestramento, desenvolve-lo e realizar un seguimento, asegurándose de que os procedementos se repitan de xeito regular polo persoal e levar un rexistro destes, ademais de detectar outras necesidades formativas.



As actividades deste programa de adestramento serán obrigatorias para todo o persoal destinatario, desenvolveranse en horario laboral e procurarase reducir o número de desprazamentos.

En canto ás épocas do ano nas que se programarán as accións, tratarase de escoller aquelas con menor risco e menor carga de traballo, aínda que algunhas poden ser programadas dentro da época de alto risco cando non supoñan un atranco para a organización. Moitas das accións, especialmente as de distrito, deben formar parte do traballo diario.

As temáticas principais que se abordarán nas diferentes xornadas que se programen relaciónanse no Anexo III, ser prexuízo de seren implementadas con outras que poidan ser de interese.

7.4. PROGRAMA DIRIXIDO A MEDIOS DAS ENTIDADES LOCAIS

O obxectivo deste programa é o de preparar aos traballadores adscritos ás entidades locais e que participan no operativo de extinción, para que poidan desenvolver as súas funcións coordinados cos medios dispoñibles a nivel autonómico, buscando a mellorar a funcionalidade, a eficiencia e sobre todo minimizando os riscos laborais. Cómpre salientar a alta rotación que hai neste tipo de persoal, que implica unha alta porcentaxe de persoas con pouca ou nula experiencia previa en traballos de prevención e extinción de incendios forestais.

A maiores da formación obrigatoria que este persoal recibe por parte do concello ao comezo do contrato, impartirase como mínimo un curso teórico-práctico de 7 horas de duración que abordará contidos de comunicacións, seguridade, traballo con motobomba e tarefas de remate e liquidación. A Dirección Xeral de Defensa do Monte leva desde o ano 2021 impartindo estas actividades con boa acollida e bos resultados.



Por outra banda, o persoal municipal poderá incorporarse ás actividades de adestramento que se impartan en cada distrito e que sexan de interese e utilidade para estes medios.

Este programa deberá cumprir cos seguintes premisas:

- Será eminentemente práctico e desenvolverase fundamentalmente a través de accións de adestramento en traballos reais.
- Formaranse no distrito co cal colaboren a través do persoal designado no mesmo para levar a cabo accións formativas.
- O maior peso da formación recaerá en aqueles temas relacionados coa seguridade e saúde no traballo e a prevención de riscos.
- O persoal formarase no seu lugar de acción cos medios dos que dispoña e co persoal co que vaia a colaborar, ensaiando diferentes protocolos que reproduzan o mellor posible os casos reais aos que se teñan que enfrontar.

O resto do persoal que participa na extinción de incendios forestais e que non forma parte destes colectivos (SPIF ou entidades locais) está participando en accións formativas desde o ano 2021, especialmente en simulacros e queimas controladas de carácter formativo.

7.5. PROGRAMA DIRIXIDO Á POBOACIÓN

Este programa consta dun conxunto de accións formativas que se levan a cabo a nivel de distrito e dirixidas á poboación rural. Ven desenvolvéndose desde o ano 2022, concentrando os esforzos nas zonas máis vulnerables e con maior incidencia de incendios forestais, con especial atención ás catalogadas no Pladiga como parroquias de alta actividade incendiaria (PAAI).



Imaxe 7.5.1. Anuncios empregados en convocatorias anteriores

A través destas accións búscase a concienciación da veciñanza con vinculación ao rural para que colaboren coas accións de prevención que prevén os plans de defensa a todos os niveis, co cumprimento da normativa en materia de prevención de incendios, coa busca de causas e causantes e axuden a esclarecer os incidentes que se produzan, que entendan a forma de actuar da Administración e o obxecto das accións que se realizan.



Por outra banda, dada a virulencia que están mostrando os lumes nos últimos anos, con máis casos de grandes incendios e lumes de situación operativa 2, con risco para os núcleos de poboación, é tamén un obxectivo o de formar á poboación na prevención de riscos en caso de lume forestal, na autoprotección, na comprensión das actuacións dos equipos de extinción, buscando o entendemento, a colaboración e novamente a prevención de riscos nos traballos.

7.6. PROGRAMA DE DIVULGACIÓN

Uns dos piares principais da divulgación realizada desde a Consellería do Medio Rural nos últimos anos son as charlas nas escolas, con especial atención a aquelas que están situadas nas contornas rurais.

Nestas charlas, a través de diferentes técnicas didácticas, os axentes ambientais e o persoal técnico dos distritos forestais, fan un labor de concienciación dirixido á poboación infantil e xuvenil, de xeito que fomentan a cultura forestal e advirten do risco que supoñen os incendios forestais e as perdas económicas, ecolóxicas ou culturais que carrexan. Facilitan deste xeito a toma de conciencia para a conservación dos bosques desde os primeiros anos da futura poboación do rural galego.

As cifras dos últimos anos están entre as 200 e 300 charlas anuais, contando as impartidas polos distintos distritos forestais, servizos provinciais ou centrais.

Outro labor de divulgación é o programa "O monte vivo" dentro do Plan Proxecta+ da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e formación Profesional, mediante o cal escolares de entre 13 e 18 centros educativos situados no medio rural e en concellos de zonas de alto risco de incendio, participan en diferentes actividades dirixidas a protexer o medio natural fronte aos incendios forestais, co obxectivo de incrementar a concienciación.



Imaxe 7.6.1. Plantación de carballos no marco do programa O monte vivo, en Salvaterra do Miño

O obxectivo do antedito programa é fomentar a participación activa e responsable dos escolares na protección do medio natural fronte aos incendios forestais, permitindo que tomen conciencia dos valores dos bosques, o seu uso sostible, a contribución á protección da biodiversidade e a influencia dos lumes forestais na diminución da biodiversidade ou a perda de capacidade produtiva do monte.

8. BOLSA DE PERSOAS INSTRUTORAS

Da análise dos últimos anos conclúese a necesidade de constituír un ou varios equipos de persoas instrutoras formados por persoal do dispositivo de prevención e extinción de incendios forestais que conte con experiencia e coñecementos dos que as outras persoas carezan ou coas cualidades necesarias para que poidan guiar as formacións e adestramentos.

Estes equipos serán os encargados de elaborar guías ou manuais, coa supervisión da Dirección Xeral de Defensa do Monte e que servirán de base para cada unha das actividades formativas que impartirá este persoal. Para este fin, as persoas instrutoras recompilarán a documentación da que dispoña a Dirección Xeral de Defensa do Monte que completarán con elaboraci3ns propias ou outras fontes de informaci3n. A elaboraci3n destas guías ou manuais, que poden dar lugar a futuras publicaci3ns, estará supervisada pola Dirección Xeral de Defensa do Monte.

O persoal instrutor poderá compatibilizar o seu traballo habitual coa formaci3n. Durante o tempo que estea impartindo a formaci3n, o dito persoal estará exento de asistir ao seu posto de traballo.

Nesta bolsa de persoas instrutoras poderán inscribirse todas as persoas que ocupen postos de traballo no dispositivo de prevenci3n e defensa contra incendios da DXDM, incluído o persoal fixo discontinuo fora do seu período de activaci3n.



A inscrición nesta bolsa estará aberta de xeito permanente, de modo que as persoas interesadas poderán incorporarse en calquera momento.

As solicitudes de inscrición deberán remitirse, exclusivamente por medios electrónicos e en modelo xenérico á Dirección Xeral de Defensa do Monte. As ditas solicitudes de inscrición acompañaranse dos documentos necesarios que xustifiquen os seguintes aspectos:

- Áreas de coñecemento ás que se opta
- Formación impartida
- Formación recibida na materia á que se opta
- Formación recibida na prevención e extinción de incendios forestais
- Formación de formadores, curso de especialización didáctica, Máster en formación do profesorado ou equivalente
- Guía didáctica para cada un dos cursos ou módulos que se propoña impartir, que debe contar como mínimo cos seguintes contidos: Título, presentación, persoas destinatarias, obxectivo xeral e competenciais, metodoloxía, funcionamento da actividade, requisitos técnicos, contidos e temporalización.

Realizarase unha orde de prelación nas solicitudes que contén cunha guía didáctica validada pola DXDM, e que se manterá de xeito continuado, segundo os puntos seguintes

:

1. Persoas que impartiron formación na mesma materia ao persoal do dispositivo de prevención e extinción de incendios de Galicia nos últimos 5 anos.
2. Persoas que impartiron formación na mesma materia a outros servizos de emerxencia nos últimos 5 anos.



3. Persoas co título de formador de formadores, curso de especialización didáctica, máster en formación do profesorado ou equivalente.
4. Persoas que impartiron formación en calquera materia ao persoal do dispositivo de prevención e extinción de incendios de Galicia nos últimos 5 anos.
5. Persoas que impartiron formación en calquera materia a outros servizos de emerxencia nos últimos 5 anos.
6. Número de horas de formación recibida na mesma materia.
7. Número de horas de formación recibida na prevención e extinción de incendios forestais.
8. Antigüidade na administración.

9. PLANS ANUAIS

Os plans anuais dos programas do catálogo de cursos e do itinerario concretarán as previsións das actividades a desenvolver anualmente e publicaranse no portal de formación da Dirección Xeral de Defensa do Monte (<https://firesw.xunta.local/Formacion>).



Cada plan anual deberá recoller a seguinte información:

- Actividades formativas convocadas
- Número de horas lectivas
- Contidos
- Modalidade
- Persoas destinatarias
- Requisitos de acceso
- Criterios de selección
- Número de edicións
- Prazas dispoñibles por edición
- Requisitos das persoas participantes
- Carácter voluntario ou obrigatorio

As actividades quedarán fixadas definitivamente nas convocatorias trimestrais, onde se concretará, ademais do anterior, as datas, horarios e lugar de realización.

O programa de adestramento ten un carácter máis flexible que os anteriores, xa que moitos dos adestramentos dependerán da meteoroloxía e o risco de incendio para a súa execución.

Os medios municipais que se acollen ao convenio varían cada ano e son contratados desde primeiros do mes de xullo ata primeiros ou mediados do mes de agosto, polo que a programación desta formación ten que adaptarse ás datas de inicio de cada unidade, que non se coñecen ata poucos días antes. Publicarase unha previsión da formación que recibirá este persoal, onde se concretará o programa e duración das actividades.



A formación á poboación require dun traballo previo de visitas ás parroquias e núcleos prioritarios, a busca dun local municipal onde impartir as charlas e comprobar que a convocatoria vai ter acollida entre os veciños. Unha boa época para impartir esta formación é a comezos do verán, xa que hai unha maior conciencia da situación. Antes do 15 de xuño de cada ano estarán seleccionadas as parroquias candidatas e o programa das actividades, e será a partir desa data cando se realicen as visitas para concretar os días, horas, lugares e relatores.

Aos efectos de rexistro, a información das actividades de divulgación realizadas serán comunicadas á DXDM no momento de seren programadas polos centros de coordinación organizadores.

10. ORZAMENTO

10.1. XUSTIFICACIÓN

No epígrafe 7.1 establécese como obxectivo a execución anual dun mínimo de 15 cursos monográficos. Segundo a programación dos últimos anos, cada actividade ten unha media de 2 edicións, agás os cursos destinados a bombeiros/as forestais de brigadas, bombeiros/as forestais condutores/as de motobomba e vixilante/emisoristas, dos que se realizan entre as 15 e 20 edicións anualmente. A duración media dos cursos monográficos foi de 20 horas lectivas e o número de prazas medio por edición foi de 30. O custo horario por participante foi de aproximadamente 7€.

Tal e como se recolle neste informe, a previsión para os próximos catro anos é formar a todo o persoal no grao inicial do itinerario formativo, así como comezar no ano 2026 co grao avanzado e no 2027 ou 2028 co grao cualificado.

Deste xeito a programación prevista para o ano 2025 inclúe 35 edicións de 40 horas lectivas do grao inicial para chegar a 820 persoas participantes das diferentes categorías e escalas, coa distribución que se mostra no seguinte cadro.



Grao inicial	Edicións	Participantes
CBT	14	400
CBH	4	35
CBM	5	125
CBE	4	60
CBD	8	200

Cadro 10.1.1. Previsión para o ano 2025 dos cursos do grao inicial do itinerario

En anos anteriores, parte do adestramento incluíse ocasionalmente como curso monográfico. Un exemplo disto foi a formación en comunicacións da que se impartiron preto de 100 edicións no ano 2024. Todas as persoas de todas as categorías ou escalas do SPIF deben recibir un mínimo de 2 formacións-adestramento, que despois replicarán de xeito independente. Os adestramentos adoitan ter unha duración de 5 horas.

A formación específica aos medios das entidades locais contrátase a medios externos e nos últimos 3 anos impartíronse arredor de 60 edicións. O custo por edición foi de 500€. Ademais participan noutras actividades sen dotación orzamentaria, como adestramentos co persoal dos distritos forestais.

Parte da formación á poboación tamén é contratada a medios externos. O custo dos últimos 3 anos foi de 500€ por edición máis unha pequena parte de custos fixos para a organización das visitas e materiais divulgativos. O obxectivo é realizar arredor de 35 charlas anuais nas parroquias e lugares prioritarios por incidencia de lumes e por vulnerabilidade.

As actividades de divulgación adoitan ser charlas nas escolas ou visitas a bases de medios aéreos, moitas veces incluídas no programa O monte vivo, sen dotación orzamentaria.

Para o ano 2026 e seguintes o orzamento sería o mesmo cos incrementos das edicións necesarias para cumprir o itinerario formativo profesional.



Deste xeito estímase que para o ano 2026 impartiranse 16 edicións de 60 horas lectivas, do grao cualificado, para todas as categorías e escalas:

Grao inicial	Edicións	Participantes
CAB	8	240
CAM	2	50
CAE	2	15
CAD	4	100

Cadro 10.1.2. Previsión para o ano 2026 dos cursos do grao cualificado do itinerario

10.2. ORZAMENTO

ANO 2025

	Concepto	Descrición	Importe
1	Cursos monográficos	Execución de 76,5 edicións de 30 participantes e 20 horas lectivas	321.300,00 €
2	Grao inicial do itinerario formativo	Formación no grao inicial (40 horas) de 820 participantes	229.600,00 €
3	Adestramento do persoal	Adestramento de 3.000 participantes en dúas edicións de 5 horas	210.000,00 €
4	Formación a medios das entidades locais	60 edicións de cursos a medios das entidades locais	30.000,00 €
5	Formación á poboación	35 edicións + custos fixos (4.000 €)	21.500,00 €
		TOTAL	812.400,00 €



ANO 2026

	Concepto	Descrición	Importe
1	Cursos monográficos	Execución de 76,5 edicións de 30 participantes e 20 horas lectivas	321.300,00 €
2	Grao inicial do itinerario formativo	Formación no grao inicial (40 horas) de 820 participantes	229.600,00 €
3	Adestramento do persoal	Adestramento de 3.000 participantes en dúas edicións de 5 horas	210.000,00 €
4	Formación a medios das entidades locais	60 edicións de cursos a medios das entidades locais	30.000,00 €
5	Formación á poboación	35 edicións + custos fixos (4.000 €)	21.500,00 €
6	Grao cualificado do itinerario formativo	Formación no grao inicial (60 horas) de 405 participantes	170.100,00 €

TOTAL 982.500,00 €



ANEXO I. CATÁLOGO DE CURSOS PROPOSTOS PARA INCORPORAR NA PROGRAMACIÓN DOS PLANS ANUAIS DO PERÍODO 2025-2028

Título:	Formación de formadores		
Destinatarios:	•Todas as categorías	Nº horas:	100
		Carácter:	Optativo
		Modalidade:	Mixta
Obxectivo:	Capacitar aos/as alumnos/as dos coñecementos, técnicas, ferramentas e habilidades necesarias para poder desempeñar o labor de formador/a ou instrutor/a.		
Observacións:	Anual en función da demanda.		

Título:	Organización das operacións aéreas na extinción de incendios e comunicacións cos medios aéreos		
Destinatarios:	•Axentes forestais e axentes facultativos/as medioambientais. •Técnicos/as forestais	Nº horas:	31
		Carácter:	Obrigatorio
		Modalidade:	Mixto
Obxectivo:	Capacitar aos/ás participantes para realizar a supervisión, desde terra ou embarcado nunha aeronave, das operacións aéreas en incendios forestais.		
Observacións:			

Título:	Manobras de manexo do lume real no ámbito das queimas prescritas e controladas aplicando e adestrando o modelo organizativo do SEMOP		
Destinatarios:	•Axentes forestais e axentes facultativos/as medioambientais. •Bombeiros/as forestais •Bombeiros/as forestais condutores/as •Bombeiros/as forestais condutores/as de motobomba •Bombeiros/as forestais xefes/as de brigada •Bombeiros/as forestais oficiais de defensa contra incendios •Técnicos/as forestais	Nº horas:	30
		Carácter:	Optativo
		Modalidade:	Presencial
Obxectivo:	Adestramento e familiarización traballando co SEMOP nun ambiente controlado.		
Observacións:	Formación práctica.		



Título:	Básico de primeiros auxilios		
Destinatarios:	•Todas as categorías	Nº horas:	12
		Carácter:	Optativo
		Modalidade:	Presencial
Obxectivo:	Proporcionar ao alumnado os coñecementos necesarios para ofrecer unha axuda eficaz en diferentes situacións de emerxencia, outorgando as ferramentas necesarias para afrontar os primeiros minutos con seguridade.		
Observacións:	Anual.		

Título:	Análise de incendios forestais. TEP		
Destinatarios:	•Axentes forestais e axentes facultativos/as medioambientais. •Técnicos/as forestais	Nº horas:	120
		Carácter:	Optativo
		Modalidade:	Teleformación
Obxectivo:	Formar ao alumnado, a través de un programa global e actualizado, na análise, simulación e organización en incendios complexos, tanto se van a dedicarse a facer un traballo de analistas como se van a executar outras tarefas.		
Observacións:	Anual en función da demanda.		

Título:	Seguridade no uso dos vehículos 4x4 e motobomba (nivel básico)		
Destinatarios:	•Axentes forestais e axentes facultativos/as medioambientais. •Bombeiros/as forestais •Bombeiros/as forestais condutores/as •Bombeiros/as forestais condutores/as de motobomba •Bombeiros/as forestais xefes/as de brigada •Bombeiros/as forestais oficiais de defensa contra incendios •Oficial/a 2ª mecánico/a •Técnicos/as forestais	Nº horas:	12
		Carácter:	Obrigatorio
		Modalidade:	Mixto
Obxectivo:	Dotar a todos/as os/as usuarios/as dos coñecementos necesarios sobre as peculiaridades dos vehículos todoterreo, aprendendo a abordar correctamente e con seguridade os obstáculos que se poidan atopar no desenvolvemento do seu traballo.		
Observacións:	Persoal de novo ingreso que non recibiu esta formación.		



Título:	Seguridade no uso dos vehículos 4x4 e motobomba (nivel avanzado)		
Destinatarios:	<ul style="list-style-type: none"> •Axentes forestais e axentes facultativos/as medioambientais. •Bombeiros/as forestais •Bombeiros/as forestais condutores/as •Bombeiros/as forestais condutores/as de motobomba •Bombeiros/as forestais xefes/as de brigada •Bombeiros/as forestais oficiais de defensa contra incendios •Oficial/a 2ª mecánico/a •Técnicos/as forestais 	Nº horas:	12
		Carácter:	Obrigatorio
		Modalidade:	Mixto
Obxectivo:	Dotar a todas as persoas usuarias de coñecementos avanzados sobre as peculiaridades dos vehículos todoterreo, aprendendo a abordar correctamente e con seguridade os obstáculos que se poidan atopar no desenvolvemento do seu traballo.		
Observacións:	Para realizar esta formación é requisito ter cursado anteriormente o nivel básico.		

Título:	Seguridade e manexo de vehículos multifunción na prevención e extinción de incendios forestais (BATRACIOS)		
Destinatarios:	<ul style="list-style-type: none"> •Bombeiros/as forestais •Bombeiros/as forestais condutores/as •Bombeiros/as forestais condutores/as de motobomba •Bombeiros/as forestais xefes/as de brigada •Bombeiros/as forestais oficiais de defensa contra incendios •Oficial/a 2ª mecánico/a 	Nº horas:	22
		Carácter:	Optativo
		Modalidade:	Presencial
Obxectivo:	Formar ao alumnado no manexo dos novos vehículos multifunción para a prevención e defensa contra incendios.		
Observacións:	Destinado ás persoas que manexan este tipo de vehículos.		

Título:	Manexo da auga, escumas e capacidades dos vehículos motobomba		
Destinatarios:	<ul style="list-style-type: none"> •Técnicos/as forestais •Axentes forestais e axentes facultativos/as medioambientais. 	Nº horas:	18
		Carácter:	Optativo
		Modalidade:	Mixta
Obxectivo:	Dotar ao persoal responsable de medios humanos e materiais nun incendio forestal das capacidades e coñecementos necesarios para manexar adecuadamente liñas de auga, escumas e vehículos motobomba.		
Observacións:			



Título:	Seguridade na extinción de incendios forestais		
Destinatarios:	•Todas as categorías	Nº horas:	12
		Carácter:	Optativo
		Modalidade:	Teleformación
Obxectivo:	Proporcionar aos/ás participantes os coñecementos para desenvolver as tarefas propias da extinción de incendios con seguridade.		
Observacións:	Anual.		

Título:	Simulador de accidentes para brigadas helitransportadas SEECRASH		
Destinatarios:	•Bombeiros/as forestais •Bombeiros/as forestais condutores/as •Bombeiros/as forestais xefes/as de brigada •Técnicos/as de brigada helitransportada	Nº horas:	6
		Carácter:	Obrigatorio
		Modalidade:	Presencial
Obxectivo:	Formar ao persoal de brigadas helitransportadas en técnicas de evacuación de aeronaves sinistradas, ofrecendo recursos e ferramentas que serven para preparalos para situacións derivadas da consecuencia dun accidente por envorco da aeronave, atrapamento, incendio no interior, persoas feridas, etc.		
Observacións:	Formación en simulador.		

Título:	Emprego de maquinaria pesada na loita contra incendios forestais		
Destinatarios:	•Axentes forestais e axentes facultativos/as medioambientais. •Bombeiros/as forestais xefes/as de brigada •Técnicos/as forestais	Nº horas:	20
		Carácter:	Optativo
		Modalidade:	Presencial
Obxectivo:	Dar a coñecer as capacidades e os métodos de actuación da maquinaria pesada na extinción de incendios forestais.		
Observacións:	Anual en función da demanda.		



Título:	Meteoroloxía aplicada aos incendios forestais		
Destinatarios:	•Axentes forestais e axentes facultativos/as medioambientais. •Técnicos/as forestais	Nº horas:	30
		Carácter:	Optativo
		Modalidade:	Presencial
Obxectivo:	Dar os coñecementos necesarios para establecer ventanas de actuación en función da meteoroloxía a escala semanal, diaria e horaria.		
Observacións:	Formación práctica.		

Título:	Prevención de riscos laborais		
Destinatarios:	•Todas as categorías	Nº horas:	5
		Carácter:	Obrigatorio
		Modalidade:	Teleformación
Obxectivo:	Comprender os conceptos básicos da prevención de riscos laborais, logrando identificar e prever os riscos xerais e específicos do posto de traballo. Entender o control de riscos e os métodos de protección colectiva e individual.		
Observacións:	Actualización da formación para todo o persoal e formación de novo ingreso.		

Título:	Aplicacións informáticas do entorno FIRESW		
Destinatarios:	•Técnicos/as forestais •Emisoristas •Vixilantes fixos/as •Operadores/as codificadores/as	Nº horas:	20
		Carácter:	Optativo
		Modalidade:	Presencial
Obxectivo:	Dar aos alumnos/as os coñecementos necesarios para o manexo das aplicacións incluídas na intranet do Servizo de Prevención de Incendios Forestais.		
Observacións:	Anual en función da demanda.		



Título:	Curso teórico de queimas prescritas e simulación do comportamento do lume		
Destinatarios:	•Axentes forestais e axentes facultativos/as medioambientais. •Técnicos/as forestais •Bombeiros/as forestais xefes/as de brigada	Nº horas:	30
		Carácter:	Optativo
		Modalidade:	Mixta
Obxectivo:	Dotar ao alumnado dos coñecementos teóricos para deseñar, planificar e desenvolver queimas prescritas con seguridade.		
Observacións:			

Título:	Técnicas de defensa verbal e habilidades comunicativas		
Destinatarios:	•Axentes forestais e axentes facultativos/as medioambientais. •Técnicos/as forestais	Nº horas:	32
		Carácter:	Optativo
		Modalidade:	Mixta
Obxectivo:	Dotar ao alumnado dos coñecementos necesarios para definir e clasificar determinadas situacións de xeito que poidan responder coa técnica apropiada, evitando ou resolvendo posibles conflitos sen ter que recorrer ao uso da forza.		
Observacións:			

Título:	Operacións e defensa contra incendios forestais na interface urbano-forestal		
Destinatarios:	•Axentes forestais e axentes facultativos/as medioambientais. •Técnicos/as forestais	Nº horas:	40
		Carácter:	Optativo
		Modalidade:	Mixta
Obxectivo:	Dotar ao alumnado dos coñecementos necesarios para implementar protocolos de traballo neste tipo de emerxencias, mellorando a seguridade do persoal que traballa na extinción e das persoas das zonas poboadas ameazadas.		
Observacións:			



Título:	Manobras na interface urbano-forestal		
Destinatarios:	•Bombeiros/as forestais •Bombeiros/as forestais condutores/as •Bombeiros/as forestais condutores/as de motobomba •Bombeiros/as forestais xefes/as de brigada •Bombeiros/as forestais oficiais de defensa contra incendios	Nº horas:	40
		Carácter:	Optativo
		Modalidade:	Mixta
Obxectivo:	Dotar ao alumnado dos coñecementos necesarios para realizar as manobras defensa e protección de infraestruturas neste tipo de emerxencias, mellorando a súa seguridade e a das persoas das zonas poboadas ameazadas.		
Observacións:			

Título:	Análise táctica. Operacións avanzadas de extinción de incendios forestais		
Destinatarios:	•Bombeiros/as forestais xefes/as de brigada	Nº horas:	50
		Carácter:	Optativo
		Modalidade:	Teleformación
Obxectivo:	Formar ao alumnado, a través de un programa global e actualizado, na análise táctica e operacións avanzadas asociadas a incendios complexos.		
Observacións:	Anual en función da demanda.		

Título:	Análise táctica. Operacións avanzadas de extinción de incendios forestais		
Destinatarios:	•Bombeiros/as forestais •Bombeiros/as forestais condutores/as •Bombeiros/as forestais condutores/as de motobomba •Bombeiros/as forestais xefes/as de brigada •Bombeiros/as forestais oficiais de defensa contra incendios	Nº horas:	50
		Carácter:	Optativo
		Modalidade:	Teleformación
Obxectivo:	Formar ao alumnado, a través de un programa global e actualizado, na análise táctica e operacións avanzadas asociadas a incendios complexos.		
Observacións:	Anual en función da demanda.		

ANEXO II. ITINERARIO FORMATIVO PROFESIONAL

Categorías destinatarias	cod.	Grao inicial	Grao cualificado	Grao especialista
Bombeiro/a forestal xefe/a de brigada Bombeiro/a forestal condutor/a Bombeiro/a forestal Bombeiro/a forestal oficial/a Técnico/a brigada helitransportada Bombeiro/a forestal xefe/a brigada helitransportada Bombeiro/a forestal condutor/a brigada helitransportada Bombeiro/a forestal brigada helitransportada	BT BH	Curso básico para persoal de brigadas de bombeiros/as forestais CBT Curso básico para persoal de brigadas helitransportadas CBH	 Curso avanzado para persoal de brigadas de bombeiros/as forestais CAB	 Curso de especialista para persoal de brigadas de bombeiros/as forestais CEB
Condutor/a mecánico/a Oficial/a 1º Mecánico/a Oficial/a 2º Mecánico/a Bombeiro/a forestal condutor/a de motobomba	MB	Curso básico para bombeiros/as forestais condutores/as de motobomba CBM	Curso avanzado para bombeiros/as forestais condutores/as de motobomba CAM	Curso de especialista para bombeiros/as forestais condutores/as de motobomba CEM
Operador/a – codificador/a Emisorista Emisorista – vixilante Vixilantes fixos/as	EM	Curso básico para emisoristas e vixilantes CBE	Curso avanzado para emisoristas e vixilantes CAE	Curso de especialista para emisoristas e vixilantes CEE
Persoal técnico Axentes forestais e medioambientais	DE	Curso básico para directores técnicos de extinción CBD	Curso avanzado para directores técnicos de extinción CAD	Curso de especialista para directores técnicos de extinción CED



Título:	CBT - Curso básico para persoal de brigadas de bombeiros/as forestais		
Nº horas:	40	Carácter:	Obrigatorio
		Modalidade:	Mixta
Obxectivo:	Dotar ao alumnado dos coñecementos necesarios para realizar o seu traballo en condicións de seguridade e eficacia incidindo no manexo das comunicacións e nas manobras básicas de manexo da auga, escumas, lume técnico e de ferramentas manuais e portátiles.		

Título:	CBH - Curso básico para persoal de brigadas helitransportadas		
Nº horas:	40	Carácter:	Obrigatorio
		Modalidade:	Mixta
Obxectivo:	Dotar ao alumnado dos coñecementos necesarios para realizar o seu traballo en condicións de seguridade e eficacia incidindo no manexo das comunicacións TETRA e banda aérea, nas manobras básicas de manexo da auga, escumas e lume técnico, no traballo do binomio brigada-helicópero e na execución de liñas de defensa e traballo con ferramentas manuais.		

Título:	CBM - Curso básico para bombeiros/as forestais condutores/as de motobomba		
Nº horas:	40	Carácter:	Obrigatorio
		Modalidade:	Mixta
Obxectivo:	Dar ás persoas participantes os coñecementos necesarios para desenvolver as tarefas propias do seu traballo en condicións de seguridade e eficacia, incidindo na hidráulica, no manexo dos vehículos motobombas, as súas capacidades, así como a interacción con outros vehículos contra incendios.		



Título:	CBE - Curso básico para emisoristas e vixilantes		
Nº horas:	40	Carácter:	Obrigatorio
		Modalidade:	Mixta
Obxectivo:	Proporcionar os coñecementos necesarios para desenvolver as tarefas propias do seu traballo en condicións de eficacia, con especial atención aos procedementos de traballo nos centros de coordinación e ás aplicacións de xestión en materia de incendios forestais.		

Título:	CBD - Curso básico para directores/as técnicos/as de extinción (DTE)		
Nº horas:	40	Carácter:	Obrigatorio
		Modalidade:	Mixta
Obxectivo:	Proporcionar os coñecementos necesarios para a dirección da extinción de incendios que poden ser controlados nun primeiro ataque ou nun ataque ampliado moderado cunha afectación de superficie limitada e un baixo impacto social e ambiental.		

Título:	CAB - Curso avanzado para persoal de brigadas de bombeiros/as forestais		
Nº horas:	60	Carácter:	Voluntario
		Modalidade:	Mixta
Obxectivo:	Formar ao alumnado para desenvolver manobras simples e combinadas con outros equipos e en diferentes situacións en incendios complexos		



Título:	CAM – Curso avanzado para bombeiros/as forestais condutores/as de motobomba		
Nº horas:	60	Carácter:	Voluntario
		Modalidade:	Mixta
Obxectivo:	Dar ás persoas participantes os coñecementos necesarios para desenvolverse en incendios complexos, con coñecementos avanzados de hidráulica e capacidade para organizar liñas de auga múltiples e combinadas con outros medios		

Título:	CAE – Curso avanzado para emisoristas e vixilantes		
Nº horas:	60	Carácter:	Voluntario
		Modalidade:	Mixta
Obxectivo:	Proporcionar os coñecementos para desenvolver o seu traballo en situacións complexas de simultaneidade, en incendios con necesidades de sectorización e de recursos doutros distritos.		

Título:	CBD – Curso avanzado para directores/as técnicos/as de extinción (DTE)		
Nº horas:	60	Carácter:	Voluntario
		Modalidade:	Mixta
Obxectivo:	Proporcionar os coñecementos necesarios para exercer a dirección da extinción de incendios que non poden ser controlados nun ataque ampliado moderado e nos que é necesario sectorizar e establecer unha estrutura de posto de mando. Son incendios complexos, con posible afectación á poboación ou a zonas de alto valor ecolóxico.		



Título:	CEB – Curso de especialista para persoal de brigadas de bombeiros/as forestais		
Nº horas:	100	Carácter:	Voluntario
		Modalidade:	Mixta
Obxectivo:	Proporcionar coñecementos de análise táctica e operacións avanzada con ferramentas manuais, liñas de auga, medios aéreos, maquinaria pesada e lume técnico. Reforzar o coñecemento avanzado do comportamento do lume e identificar as operacións máis eficientes para cada situación.		

Título:	CEB – Curso de especialista para bombeiros/as forestais condutores/as de motobomba		
Nº horas:	100	Carácter:	Voluntario
		Modalidade:	Mixta
Obxectivo:	Dar coñecementos de mecánica básica e funcionamento dos diferentes modelos de vehículos do servizo. O alumnado será autosuficiente para realizar manobras avanzadas con calquera vehículo, incluídas motobombas, turismos, batracios e nodrizas.		

Título:	CEM – Curso de especialista para bombeiros/as forestais condutores/as de motobomba		
Nº horas:	100	Carácter:	Voluntario
		Modalidade:	Mixta
Obxectivo:	Dar coñecementos de mecánica básica e funcionamento dos diferentes modelos de vehículos do servizo. O alumnado será autosuficiente para realizar manobras avanzadas con calquera vehículo, incluídas motobombas, turismos, batracios e nodrizas.		



Título:	CEE – Curso de especialista para emisoristas e vixilantes		
Nº horas:	100	Carácter:	Voluntario
		Modalidade:	Mixta
Obxectivo:	Proporcionar os coñecementos necesarios para manexar con precisión todas as aplicacións empregadas nos centros de coordinación. O alumnado coñecerá todos os procedementos operativos relacionados coa seguridade, a extinción e a mobilización e solicitude de medios propios e alleos		

Título:	CEE – Curso de especialista para directores/as técnicos de extinción (DTE)		
Nº horas:	100	Carácter:	Voluntario
		Modalidade:	Mixta
Obxectivo:	Dotar das competencias necesarias para exercer de DTE en incendios de especial gravidade que requiran da intervención de medios extraordinarios e unha maior sectorización e desenvolvemento do SEMOP. Son incendios con ameaza ou impacto na sociedade a nivel provincial ou autonómico.		



ANEXO III. PROPOSTA DE ACTIVIDADES DO PROGRAMA DE ADESTRAMENTO

A continuación, se presenta a información resumo de cada unha das accións propostas para cada nivel de actuación: autonómico, provincial e distrito. Estas actividades poden ser completadas con outras que se consideren apropiadas en cada momento.

Nivel autonómico

1. Simulacros de situación operativa 2
2. Simulacros de incendios interprovinciais e transfronteirizos
3. Manobras de manexo do lume real no ámbito das queimas prescritas e controladas aplicando e adestrando o modelo organizativo do SEMOP

Nivel provincial

1. Xestión das situacións operativas 1 e 2 desde os centros de coordinación (CCD e CCP)
2. Xestión de incendios: xogos de decisión estratéxica e táctica.
3. Reconstrución de lumes e leccións aprendidas (especialmente GIF e interface)
4. Simulacros de situacións operativas



Nivel de distrito

1. Formación en comunicacións
2. Simulacro de incendios que non acaden importancia provincial
3. Situacións de atrapamento e manobras de autoprotección
4. Uso de escumas e liñas de agua con vehículo motobomba e pick-up
5. Manobras de defensa da interface urbano-forestal
6. Adestramento físico para bombeiros forestais